

¿Habrá varias tarifas de Último Recurso?

Non, a Tarifa de Último Recurso será única para todo o Estado e cun prezo fixado polo Goberno.

¿Que é o Bono Social?

Coa entrada en servizo da Tarifa de Último Recurso, créase o bono social para determinados consumidores de electricidade que cumprian cunhas determinadas características sociais, de consumo e poder adquisitivo que se determinen por Orde do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. En todo caso, circunscríbriase a persoas físicas na súa vivenda habitual.

¿Quen pode acollerse ao Bono Social?

A partir do 1 de Xullo terán dereito ao Bono Social:

- As persoas físicas que teñan unha potencia contratada inferior a 3 kW na súa vivenda habitual.
- Os consumidores con 60 ou máis anos de idade que acrediten ser pensionistas do Sistema da Seguridade Social por xubilación, incapacidade permanente e viuvez e que perciban as contías mínimas viventes en cada momento para esas clases de pensións.
- As pensión non contributivas de xubilación e invalidez para maiores de 60 anos.
- Os consumidores que acrediten ser familias numerosas.
- Os consumidores que acrediten formar parte dunha unidade familiar que teña todos os seus membros en situación de desemprego.

¿Que vantaxes teñen na práctica os consumidores beneficiarios do Bono Social?

A principal vantaxe é que os prezos aplicados á súa factura eléctrica serán menores que os da TUR ata o ano 2012, data na que se revisará esta normativa.

¿Como se solicitará o Bono Social?

Por Resolución do Secretario de Estado de Enerxía, determinarase o procedemento para acreditar as condicións que dan dereito á bonificación.

- A Comercializadora de Último Recurso aplicará directamente o bono social ás vivendas habituais que teñan unha potencia de contrato inferior a 3 kW.

Os restantes beneficiarios, terán que solicitarlo segundo o modelo que para cada caso se publique antes do 1 de xullo. Poderase ampliar información na Oficina de Atención ao Cliente do distribuidor da súa zona e na páxina web da CNE.

¿Afectaralle á calidade da subministración?

Non, a calidade será a mesma.

¿Como lle afectan estes cambios á tarifa de discriminación horaria?

Os consumidores que dispoñan de equipo de medida poderán acollerse á modalidade con discriminación horaria que diferencie dous períodos horarios (P1 e P2).

	INVERNO	VERÁN
P1	12 a 22 h.	13 a 23 h.
P2	0 a 12 h. e 22 a 24 h.	0 a 13 h. e 23 a 24 h.

¿É unha decisión da Xunta de Galicia?

Non, esta modificación foi realizada polo Goberno de España a través dun Real Decreto. A Xunta unicamente informa e atende as suxestións dos usuarios.

MÁS INFORMACIÓN

www.mityc.es
www.cne.es
www.consellersatariel.org/gal/web/index.php
www.intega.es

A partir do
1 de xullo de 2009
O Goberno de España
modifica o sistema de
facturación de enerxía
eléctrica nos fogares
A XUNTA INFORMA



XUNTA
DE GALICIA

Xuño 2009

¿Que cambios van ter lugar a partir do 1 de Xullo?

i Desaparecen as Tarifas Integrais polo que haberá que negociar novos contratos.

■ Créanse as Tarifas de Último Recurso (TUR).

¿Que son as Tarifas de Último Recurso (TUR)?

i As TUR son as novas tarifas ás que poderán acollerse os consumidores conectados en baixa tensión e cunha potencia contratada igual ou inferior a 10 kW.

■ Xorden para protexer aos consumidores que non atopen atractivas as condicións do mercado libre e prefiran seguir pagando a electricidade a un prezo fixado polo Goberno do Estado.

■ O Goberno establecerá os prezos das TUR e poderán ser revisados cada tres meses.

■ A subministración de electricidade realizara a as empresas comercializadoras de último recurso.

¿Cales son as Comercializadoras de Último Recurso?

i Son as empresas designadas polo Goberno do Estado que teñen a obriga de atender as solicitudes dos consumidores con dereito a acollerse ás TUR.

Actualmente as empresas comercializadoras de último recurso son:

ENDESA ENERGÍA XXI, S.L.
Telf. Atención Cliente 902 508 850
www.endesaonline.com

IBERDROLA COMERCIALIZACIÓN DE ÚLTIMO RECURSO, S.A.U.
Telf. Atención Cliente 901 202 020
www.iberdrolaes

UNIÓN FENOSA METRA, S.L.
Telf. Atención Cliente 901 220 380
www.unionfenosaes

HYDROCONTÁBILICO ENERGÍA ÚLTIMO RECURSO, S.A.U.

Telf. Atención Cliente 902 860 860
www.hcenergia.com

EON COMERCIALIZADORA DE ÚLTIMO RECURSO, S.L.

Telf. Atención Cliente 902 222 838
www.eon-espana.com

¿Como afectarán os cambios á miña subministración a partir do 1 de Xullo?

i A subministración de electricidade será realizada por unha comercializadora.

■ A empresa distribuidora, propietaria das redes eléctricas da zona, continuará operando as instalacións, lendo os contadores e proporcionando o servizo de emerxencias 24h.

¿Que teño que facer e que opcións teño?

Se a potencia contratada é igual ou inferior a 10 kW.

■ 1. Contratar a subministración con calquera das empresas comercializadoras de último recurso.

■ 2. Contratar a subministración cunha empresa comercializadora a un prezo pactado, analógicamente a como ocorre noutros sectores como o da telefonía móbil.

■ 3. Se non fai ningunha xestión, o 1 de Xullo de 2009 o subministro eléctrico será automaticamente asumido por unha empresa comercializadora de último recurso, que lle enviará as facturas e xestionará os cobros pola subministración de electricidade.

Se a potencia contratada é superior a 10 kW.

■ 1. Antes do 1 de Xullo de 2009 deberá contratar o subministro cunha empresa comercializadora a un prezo libre pactado, analógicamente a como ocorre noutros sectores como o da telefonía móbil.

■ 2. Se non contrata cun comercializador, a súa subministración pasará automaticamente a ser asumida por unha empresa comercializadora de último recurso, aplicándolle un prezo superior que se irá incrementando automaticamente no tempo ata acadar un 20%.

¿Onde podo consultar a lista de empresas comercializadoras?

i Na web CNE: www.cne.es no apartado listado de comercializadoras.

¿Estes cambios suporán algún custo adicional?

i Non. Se non fai o cambio de xeito voluntario, a súa empresa distribuidora realizarao automaticamente coa empresa comercializadora que se indica na súa factura eléctrica.

Se polo contrario, desexa contratar o seu servizo con outra empresa comercializadora, tan só deberá contactar coa nova empresa e esta realizará os trámites correspondentes, sen ningún custo.

¿Como será a facturación das Tarifas de Último Recurso?

i Basicamente será similar á actual. A facturación presentará un termo fixo e un termo variable en función do consumo aos que se aplicarán os correspondentes impostos.

**A partir do 1 de xullo de 2009
O Goberno de España
modifica o sistema de
facturación de enerxía
eléctrica nos fogares**